

Normas sobre a conduta sexual dos traballadores humanitarios

Os traballadores **poderán ser sancionados, e incluso despedidos, por comportamentos sexuais inaceptables**. A continuación enuméranse as regras que deberán cumprir:

- **Non está permitido** que os traballadores humanitarios **manteñan relacións sexuais con ningunha persoa menor de 18 anos, aínda que a esta idade se considere legal no país**. Alegar o descoñecemento da idade real da persoa non é unha escusa válida.
- **Non está permitido** que os traballadores humanitarios **manteñan relacións sexuais a cambio de diñeiro, traballo, bens ou servizos**, incluídos bens e servizos destinados a axudar a persoas necesitadas. Tampouco poderán prometer estas cousas para conseguir que outras persoas acepten algún tipo de comportamento que as humille ou explote, como pagar ou ofrecer diñeiro para manter relacións sexuais cunha persoa que exerza a prostitución.
- Os traballadores humanitarios teñen influencia sobre a persoa que recibe os bens e servizos e isto outórgalles unha posición de poder con respecto á xente que precisa asistencia. Por ese motivo, as organizacións humanitarias **insisten firmemente en que os seus traballadores non manteñan relacións sexuais con ningunha persoa que se atope nunha situación de emerxencia humanitaria**. As ditas relacións restan honradez e credibilidade ás accións humanitarias.
- Se un traballador humanitario **alberga preocupacións ou sospeitas** por que alguén da súa organización ou doutra entidade de axuda poida estar a infrinxir as regras humanitarias sobre conduta sexual, o dito traballador **deberá** informar conforme os **procedementos** establecidos pola súa axencia.
- Os traballadores humanitarios **deben crear e manter** un ambiente de traballo que evite conductas sexuais inaceptables e que incentive un comportamento do equipo que cumpra cos seus **códigos de conduta**. **Todos os xerentes** son responsables de fomentar e desenvolver sistemas que manteñan este ambiente.

Pode consultar os principios do Comité Permanente entre Organismos (IASC) acerca da explotación e o abuso sexuais aquí: http://www.pseataaskforce.org/uploads/tools/sixcoreprinciplesrelatingtosea_iasc_english.doc.

Esta versión en linguaxe corrente desenvolveuna en colaboración co Equipo de Tarefas do IASC que trata a rendición de contas ante as poboacións afectadas e a protección contra a explotación e o abuso sexuais, e con Translators without Borders.